



20 Junio, 2024

SEMANA EN IMÁGENES



A ESTRADA Juan Liñares presenta 'Cruz de poesía'

O libro de poemas 'Cruz de poesía', da autoría de Juan Liñares e publicado por Edicións Ferverza, foi presentado en A Estrada. O autor estivo acompañado polo mestre e escritor Xosé Luna, a directora do CEIP do Foxo, Rosa Ferreira; a mestra e pintora Marisa Miguélez e o alcalde Gonzalo Louzao Tamén fixo presentación da obra a pasada semana en Silleda. PATRI FIGUEIRAS

Forcarei O depósito de auga en obras

Forcarei está levando a cabo obras de reforma nas instalacións do depósito de auga para garantir a calidade e a continuidade do servizo de abastecemento ao núcleo forcarense. É necesario proceder ao corte temporal do subministro unhas horas. O investimento total desta actuación ascende a 27.689,11 euros, que serán financiados a través de remanentes do Plan Concellos.



A Estrada A ONCE premia a Imaxina e Axuda

O equipo 'IMAXINA EAX', da Asociación Xuvenil Imaxina e Axuda, da Estrada, gaña o Premio 'X Talento Challenge', un concurso inclusivo promovido pola Fundación ONCE que busca fomentar o espírito emprendedor na mocidade.



Lalín Atención socio sanitaria

A especialidade de atención socio sanitaria do obradoiro de emprego 'Lalín Verde' do Concello de Lalín vén de rematar estes días a súa formación teórica e o pasado luns 17 de xuño deu comezo a súa formación práctica por quedas na residencia para persoas maiores das Dores.



Lalín Balance do ano de mandato

O Goberno do Concello de Lalín fixo a pasada semana un balance do primeiro ano de mandato do período 2023-2027.